

PROGRAMA EDUCATIVO E DE ACCIÓN CULTURAL 2024-2030



Museo do Pobo Galego

Departamento de Educación e Acción Cultural

ENCAIXE CO PROXECTO EDUCATIVO DO MUSEO

O Programa Educativo e de Acción Cultural 2024-2030 constitúe o instrumento de planificación que desenvolve o Proxecto Educativo e de Acción Cultural do Museo (PEM) para este período.

Mentres o Proxecto define o marco conceptual, os principios metodolóxicos e os obxectivos xerais da acción educativa, o presente documento concreta as liñas de actuación, os ámbitos prioritarios de intervención e as estratexias de relación cos diferentes públicos, orientando a programación educativa e cultural do Museo durante este período.

En coherencia cos principios da museoloxía social, da mediación cultural, da investigación aplicada e da participación cidadá recollidos no Proxecto, o Programa Educativo e de Acción Cultural concíbese como un marco operativo flexible orientado á activación social do patrimonio, á produción compartida de coñecemento e ao fortalecemento da relación entre o Museo e a sociedade.

As liñas de acción aquí definidas permitirán adaptar a programación anual ás necesidades dos distintos públicos, aos procesos de transformación social e aos retos culturais contemporáneos, mantendo a coherencia co modelo educativo do Museo.

O texto completo do Proxecto Educativo do Museo pode consultarse en:

MARCO ESTRATÉXICO E MODELO DE ACCIÓN EDUCATIVA E CULTURAL

2024-2030

O período 2024-2030 do Programa Educativo e Cultural do Museo estrutúrase arredor dos seguintes eixos estratéxicos:

- Activación social do patrimonio e interpretación crítica da cultura galega.
- Educación patrimonial como proceso de mediación entre investigación, interpretación e públicos.
- Accesibilidade, inclusión e equidade cultural.
- Participación social, cocreación e traballo con comunidades.
- Fortalecemento do Museo como espazo educativo aberto ao territorio e á sociedade.

Estes eixos operan como principios transversais de toda a acción educativa e cultural, garantindo a coherencia metodolóxica e a continuidade das actuacións desenvolvidas durante o período de vixencia do Programa.

No marco deste período de planificación, a programación correspondente ao ano 2027 incorporará de maneira específica a conmemoración do **50 aniversario do Museo**, integrándoa nas liñas estratéxicas e no modelo de participación establecidos neste Programa, garantindo a súa coherencia co enfoque educativo e sociocultural, coa planificación xeral do período.

O modelo de acción educativa e sociocultural do Museo artículase a partir da relación permanente entre investigación, interpretación e mediación cultural.

O patrimonio non se entende unicamente como un conxunto de bens que deben ser coñecidos ou conservados, senón como unha realidade dinámica construída socialmente, suxeita a procesos continuos de interpretación, transmisión e resignificación.

Neste marco, a educación patrimonial concíbese como un proceso de diálogo entre os coñecementos especializados do Museo, os saberes das comunidades e as experiencias dos públicos.

As accións promoverán a participación activa das persoas visitantes, o pensamento crítico, a aprendizaxe experiencial e a construción compartida de coñecemento, favorecendo procesos de apropiación cultural e fortalecendo a función social do Museo.

O horizonte que orienta este Programa consiste en avanzar progresivamente desde modelos centrados na transmisión de contidos cara a modelos que favorezan a participación, a colaboración e a produción social de patrimonio.

LIÑAS DE ACCIÓN EDUCATIVA E SOCIOCULTURAL 2024-2030

As liñas de acción educativa que se presentan a continuación derivan dos principios formulados no PEM, especialmente daqueles relacionados coa función social do patrimonio, a participación cidadá, a mediación cultural, a accesibilidade, a perspectiva feminista e o traballo coas comunidades patrimoniais.

1. Patrimonio, sociedade e contemporaneidade

O Museo promoverá a interpretación do patrimonio cultural galego en relación cos procesos sociais, culturais e ambientais contemporáneos.

A acción educativa favorecerá a comprensión das conexións entre patrimonio e realidade actual, incorporando perspectivas relacionadas coa transformación social, a sustentabilidade, os movementos migratorios, a diversidade cultural, os cambios nos modos de vida, a transmisión lingüística e as novas formas de construción identitaria.

Esta liña orientará o desenvolvemento de propostas que empreguen o patrimonio como ferramenta para comprender o presente e reflexionar colectivamente sobre os retos do futuro.

2. Memoria, identidade e construción patrimonial

O Museo fomentará a reflexión crítica sobre os procesos de construción da memoria, da identidade e do patrimonio cultural.

Partindo da consideración do patrimonio como unha realidade socialmente construída, a acción educativa promoverá a análise dos mecanismos de selección, representación e transmisión cultural que interveñen na definición do que unha sociedade decide conservar, valorar e transmitir.

Esta liña favorecerá a incorporación de perspectivas diversas e a revisión crítica das narrativas patrimoniais.

3. Perspectiva feminista e diversidade de experiencias

O Programa Educativo incorporará unha perspectiva feminista transversal orientada á revisión crítica dos discursos patrimoniais e á visibilización da diversidade de experiencias históricas e contemporáneas.

A acción educativa promoverá a identificación de ausencias, invisibilizacións e desigualdades presentes nas representacións culturais, favorecendo a incorporación de voces, relatos e experiencias tradicionalmente marxinalizadas.

Esta liña contribuirá á construción de interpretacións máis plurais, inclusivas e representativas da sociedade galega.

4. Comunidades, participación e cocreación

O Museo consolidará mecanismos estables de participación orientados á incorporación activa de persoas, colectivos e comunidades nos procesos de interpretación, activación e difusión do patrimonio.

A participación entenderase como un proceso progresivo que poderá adoptar diferentes niveis de implicación, desde a consulta e a colaboración ata a cocreación de contidos, proxectos e iniciativas educativas e culturais.

Esta liña favorecerá a produción compartida de coñecemento e o fortalecemento dos vínculos entre o Museo e as comunidades relacionadas cos seus ámbitos de actuación.

5. Patrimonio, territorio e redes de coñecemento

O Museo reforzará a súa dimensión territorial mediante accións vinculadas ás diversas realidades locais e ás comunidades relacionadas co patrimonio cultural galego.

A acción educativa favorecerá a creación de redes de colaboración con centros educativos, asociacións, entidades culturais, colectivos profesionais e comunidades patrimoniais, contribuíndo á documentación, interpretación e difusión compartida do patrimonio.

6. Innovación, experimentación e mediación expandida

O Museo promoverá a experimentación metodolóxica e a innovación educativa como ferramentas para ampliar as posibilidades de relación entre patrimonio e sociedade.

Esta liña favorecerá o desenvolvemento de novas formas de mediación cultural, presenciais e dixitais, así como a incorporación de linguaxes, recursos e formatos capaces de ampliar os modos de acceso, participación e interpretación do patrimonio.

MODELO DE PARTICIPACIÓN E RELACIÓN COS PÚBLICOS

A participación constitúe un principio transversal da acción educativa do Museo e unha das ferramentas fundamentais para fortalecer a relación entre patrimonio e sociedade.

En coherencia co Proxecto Educativo e Cultural do Museo, a participación enténdese como un proceso progresivo que pode adoptar diferentes niveis de implicación segundo as características dos proxectos, dos públicos e das comunidades implicadas.

O Museo promoverá a convivencia destes diferentes niveis, favorecendo a evolución progresiva desde modelos centrados no acceso aos contidos cara a dinámicas de colaboración, cocreación e corresponsabilidade patrimonial.

Acceso Participación baseada no coñecemento, interpretación e disfrute dos contidos patrimoniais.

Interacción Participación activa nas actividades educativas e culturais mediante o diálogo, a experimentación e a reflexión compartida.

Colaboración Achega de experiencias, coñecementos, materiais, memorias e perspectivas por parte dos públicos e comunidades.

Cocreación Desenvolvemento compartido de contidos, proxectos, accións educativas e iniciativas culturais.

Corresponsabilidade Participación activa de colectivos e comunidades nos procesos de interpretación, activación e construción social do patrimonio.

Este modelo permitirá avanzar progresivamente cara a formas máis abertas e compartidas de relación entre o Museo e a cidadanía, reforzando o papel social da institución e favorecendo a produción colectiva de coñecemento patrimonial.

PÚBLICOS E ESTRATEXIAS DE ACCIÓN EDUCATIVA

As liñas de acción definidas neste Programa desenvolveranse mediante estratexias adaptadas ás características, necesidades e formas de participación dos distintos públicos do Museo.

A programación anual concretará os contidos, temáticas e formatos das accións desenvolvidas en cada ámbito.

1. Público escolar e comunidade educativa

O público escolar constitúe un dos ámbitos prioritarios da acción educativa do Museo.

As accións dirixidas aos centros educativos orientaranse á comprensión crítica do patrimonio cultural galego, á relación entre patrimonio e sociedade e ao desenvolvemento de competencias vinculadas coa observación, a interpretación, a investigación e a participación cultural.

As principais modalidades de intervención incluírán visitas mediadas, itinerarios temáticos, visitas dinamizadas, obradoiros, proxectos educativos de media e longa duración e recursos para o traballo autónomo nos centros.

As propostas favorecerán a relación entre os contidos da colección e cuestións vinculadas á memoria, á identidade, á igualdade, á diversidade cultural, á sustentabilidade e á relación entre patrimonio e territorio.

Promoveranse progresivamente dinámicas de participación e creación compartida que permitan ao alumnado contribuír á interpretación e activación social do patrimonio.

As metodoloxías adaptaranse ás diferentes etapas educativas:

- Infantil e primeiros cursos de Primaria: exploración, xogo, narración e experimentación.
- Segundo e terceiro ciclo de Primaria: observación, descubrimento guiado e iniciación á investigación.
- Educación Secundaria: análise crítica, interpretación e produción de contidos.
- Bacharelato e Formación Profesional: investigación aplicada, proxectos colaborativos e reflexión sobre os procesos de construción patrimonial.

O Museo promoverá relacións estables de colaboración cos centros educativos e co profesorado, favorecendo o desenvolvemento de proxectos compartidos de educación patrimonial e innovación educativa.

As accións poderán incluír programas de formación, recursos didácticos, grupos de traballo, proxectos colaborativos e espazos de intercambio de experiencias.

O profesorado considerarase un axente estratéxico na conexión entre o Museo, a escola e o territorio.

2. Público familiar

O Museo desenvolverá accións destinadas á participación conxunta de persoas adultas e crianzas, favorecendo experiencias compartidas de descubrimento, aprendizaxe e creación arredor do patrimonio.

As propostas promoverán a comunicación interxeracional, a transmisión de coñecementos e a construción de vínculos afectivos co patrimonio cultural.

As metodoloxías priorizarán a experimentación, o diálogo, o descubrimento e a creación compartida.

3. Público xuvenil

O Museo impulsará accións específicas destinadas á mocidade ben a través da formación superior ben fóra do ámbito escolar. Estas propostas favorecerán a aproximación ao patrimonio mediante formatos participativos, creativos e adaptados ás linguaxes e intereses das novas xeracións.

Potenciaranse especialmente as metodoloxías vinculadas á creación, á cultura visual, ás linguaxes audiovisuais, aos medios dixitais e á experimentación cultural.

4. Público adulto

A acción educativa dirixida ao público adulto procurará ofrecer oportunidades de aprendizaxe permanente, reflexión crítica e participación cultural.

As estratexias de intervención incluírán visitas especializadas, actividades formativas, encontros, espazos de diálogo e proxectos de participación relacionados coa memoria, a identidade, a diversidade cultural e os procesos sociais contemporáneos.

Promoverase a incorporación activa das experiencias e coñecementos das persoas participantes.

As accións coas persoas adultas maiores, recoñecidas como portadoras de coñecementos, experiencias e memorias fundamentais para a comprensión do patrimonio cultural, favorecerán tanto o acceso aos contidos do Museo como a súa participación activa nos procesos de documentación, interpretación e transmisión do patrimonio.

5. Formación especializada e profesionais

O Museo desenvolverá accións específicas dirixidas ao ámbito universitario e aos estudos relacionados co patrimonio, a educación, as ciencias sociais e a xestión cultural.

Favoreceranse experiencias vinculadas á investigación aplicada, á análise crítica dos discursos patrimoniais e á participación en proxectos desenvolvidos polo Museo.

O Museo promoverá, especialmente para profesionais da educación, da cultura e do patrimonio, accións orientadas á formación continua, ao intercambio de coñecemento e á creación de redes profesionais. Estas accións poderán incluír seminarios, grupos de

traballo, encontros profesionais, proxectos colaborativos e experiencias de innovación educativa e cultural.

6. Comunidades patrimoniais e tecido asociativo

O Museo impulsará relacións estables de colaboración co tecido asociativo e coas comunidades vinculadas aos diferentes ámbitos do patrimonio cultural galego.

As metodoloxías empregadas favorecerán a participación, a colaboración, a cocreación e a produción compartida de coñecemento, promovendo a incorporación de perspectivas diversas aos procesos de interpretación e activación patrimonial.

7. Diversidade funcional, cognitiva e social

A accesibilidade e a inclusión constitúen principios transversais do Programa Educativo.

O Museo desenvolverá recursos, adaptacións e estratexias de mediación orientadas a facilitar a participación efectiva das persoas con diversidade funcional, cognitiva, sensorial ou intelectual.

Promoveranse tamén accións específicas destinadas a colectivos en situación de vulnerabilidade social, favorecendo a igualdade de acceso á cultura e á participación patrimonial.

8. Público visitante e turismo cultural

O Museo continuará desenvolvendo recursos destinados ao público visitante individual e aos grupos turísticos, favorecendo unha aproximación accesible, contextualizada e significativa aos contidos da institución.

A acción educativa neste ámbito procurará contribuír a unha comprensión ampla, plural e contemporánea da cultura galega.

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

O Programa Educativo 2024-2030 incorpora un sistema de seguimento e avaliación continua orientado a garantir a calidade, coherencia e impacto da acción educativa e cultural do Museo ao longo do período de vixencia do documento.

Este sistema enténdese como un proceso integrado na propia planificación e desenvolvemento das actividades, e non como unha fase final independente, favorecendo a toma de decisións informada e a adaptación progresiva da programación.

O seguimento estrutúrase a partir da combinación de indicadores cuantitativos e cualitativos que permiten analizar tanto o alcance das accións como a súa calidade educativa e o seu impacto nos diferentes públicos. Entre estes indicadores inclúense, entre outros, datos de participación, tipoloxía de públicos, continuidade no uso das propostas, valoración das experiencias, aprendizaxes percibidas e grao de adecuación ás liñas estratéxicas do Programa.

A avaliación desenvolverase en tres niveis complementarios: un seguimento continuo vinculado á implementación diaria das actividades, unha revisión anual de carácter global que permita identificar tendencias, axustes e melloras operativas, e unha avaliación de carácter estratéxico ao final do período, orientada á revisión do modelo e á definición de novas liñas de desenvolvemento educativo.

Os resultados deste proceso incorporaranse a un ciclo de mellora continua que permitirá actualizar progresivamente as estratexias, reforzar aquelas accións con maior impacto e reorientar aquelas que precisen adaptación, garantindo así a coherencia entre planificación, execución e evolución do Programa Educativo.